

PEZA DO MES

xuño

2017



PUÑAL DE ANTENAS
CASTRO DE SAN CIBRAO DE LAS

XUNTA DE GALICIA



VISTA XERAL DA VIVENDA 14, AO SUR DA RÚA PRINCIPAL

Puñal de antenas. Castro de San Cibrao de Las

Os puñais de antenas, así denominados polas características prolongacións en que rematan as súas empuñaduras, son unha das pezas máis representativas da Idade do Ferro do noroeste peninsular. Na súa fabricación, como nun crisol, fusionáronse tradicións metalúrxicas de orixe mediterránea, atlántica e centroeuropea. O resultado é unha nova arma, froito da asimilación de influencias diversas, cunhas características propias que a converterán na arma castrexa por antonomasia.

O que hoxe damos a coñecer é un magnífico exemplo deste tipo de armas. Como a maioría dos puñais de parecida cronoloxía e tipoloxía, empuñadura e folla fundíronse por separado. A folla é de ferro, mide 17,5 cm de longo por 2,9 cm de ancho máximo, é triangular alongada e con nervadura central, na actualidade moi arrasada pola oxidación e as perdas de materia. Articúlase coa empuñadura mediante un pasador con remate exterior esférico, que remata a empuñadura. Esta, fundida en bronce á cera perdida, é de lados cóncavos, simétricos e está coidadosamente decorada no seu centro por medio dunha moldura, formada por un baquetón enmarcado por unha fina liña de trenzado e outra lisa; motivo que se repite na parte distal e proximal do puño. As gardas, tamén decoradas, son

lixeramente curvas e caen cara abaixo para abarcar a parte externa dos *pseudoricassos* –especie de escotaduras semicirculares na base da folla– neste caso apenas perceptibles. Non conserva as características antenas que lle dan nome, pero si o botón central. As dimensións da empuñadura son: 7, 7 cm de longo por 3, 6 de ancho por 2.5 de grosor.

Atopado durante as actuacións arqueolóxicas dirixidas por Yolanda Álvarez González e Luís Fco. López González no castro de San Cibrao de Las (San Amaro-Punxín), durante a campaña de 2003, apareceu baixo unha fina capa de terra areosa, asociado aos restos do lousado dun pequeno espazo, posiblemente cuberto, que formaba parte do patio dunha vivenda do Barrio 1. Trátase dunha vivenda de grandes dimensións formada por diversos cuartos, unha cociña e un gran patio ao que se abrían os vans das diferentes dependencias, e ao que se accedía dende a rúa que sube á croa dende a porta oeste da muralla. Agás o pequeno espazo onde se exhumou o puñal, o resto do patio atopábase gravemente alterado por remocións, buratos e toqueiras, e todo parece indicar que sufrira importantes remodelacións nos momentos finais da ocupación do castro. Na parte oeste había moitísimas pedras rodadas, que compoñían os recheos inferiores pero que non achegaron excesiva información. O material asociado ao puñal é escaso, unicamente unha esvástica flamexante de seis raios, algunha fusaiola e varios muíños nun muro medianoiro, preto da entrada, e oliñas e orzas nun espazo anexo á cociña. Na parte oeste, a máis alterada e de recheo, destaca, polo seu valor cronolóxico, un as de Otavio do ano 27-25 a. C., cuñado na ceca de Celsa, que proporciona para a vivenda unha data *post quem*.

A pesar das moitas interrogantes que están por resolver, a súa orixe e filiación quedou perfectamente clara no magnífico estudo de Marisa Ruíz Gálvez *Consideraciones sobre el origen de los Puñales de Antena Gallego-asturianos* publicado en 1980. Segundo demostra a citada investigadora, as follas son claramente de estirpe mediterránea, derivando das espadas sardas tipo monte Sa Idda. Este tipo de espadas, ben coñecidas no sur peninsular, caracterízanse por presentar uns pronunciados *ricassos* na base da folla e polas evidentes nervaduras. Esta corrente meridional, cada vez mellor documentada, haberá que entendela no marco dunhas relacións comerciais de ida e volta entre o foco cultural atlántico e o mediterráneo, xa dende finais do Bronce. A orixe das empuñaduras foi sempre controvertida, pero a súa filiación centroeuropea

parece incuestionable. As primeiras empuñaduras que coroan estas pezas galego-asturianas son de forma oval, están rematadas por un botón e nun primeiro momento carecen de antenas, recordando as espadas Möringen (Alemaña). A hipótese é que estas formas chegaron ao noroeste a través dos depósitos tardíos do Bronce Final, do occidente Francés e, probablemente, das espadas e puñais con antenas desenvolvidas no noroeste ibérico, de orixe hallstática. Con todo, este proceso tense que comprender como paralelo e independente en cada lugar, e dará como resultado armas diferentes en cada área cultural.

Malia os escasos datos con que se conta, e á espera de que algún día se poidan cotexar con pezas achadas en contextos datados, pódese aventurar un bosquejo tipolóxico:

Puñais tipo Cariño: son os que presentan máis similitudes coas espadas tipo monte Sa Idda e coas espadas de lingua de carpa. A súa estrutura é xa a típica dos puñais de antenas, é dicir folla e empuñadura fúndense por separado; as follas son de fíos moi marcados e mostran unha decoración estriada, que se une no terzo inferior da folla para morrer na punta; as gardas baixan cun pequeno quebro e cerran os *ricassos*, que se marcan cun groso rebordo. A súa zona de distribución, a falta de novos achados, é a área máis setentrional de Galicia. A este grupo pertencen os puñais do castro da Moura, en Cariño, e o do Burgo, atopado no río Mero, do que só se conserva a folla.

Puñais tipo Vilalba: moi semellante ao tipo anterior, tamén aquí as gardas baixan facendo un quebro, pero as follas son máis triangulares e apártanse do modelo de lingua de carpa. Un dos puñais de Vilalba e dous dos conservados no Museo de San Antón pertencerían a este grupo. A maioría destas pezas foron atopadas en covas ou en ríos, fóra de ámbitos castrexos, o que fai pensar nun uso diferentes para eles.

Outro grupo, ao que se adscribiría o puñal achado na Pena Grande, cerca do castro de Couboeira (Mondoñedo), son de máis difícil adscripción. Están realizados unicamente en bronce, folla e puño fúndense por separado e as gardas baixan xa sen facer quebros, pero presentan evidentes arcaísmos tanto nas nervaduras como nas escotaduras moi marcadas das follas. A distribución desta tipoloxía, claramente derivada dos tipo Cariño-Vilalba, esténdese por toda Galicia.

Un cuarto grupo estaría formado por puñais que presentan e combinan diferentes materiais e elementos: empuñaduras decoradas cunha ou varias molduras ou totalmente lisas, follas con *ricassos* ou sen eles etc.

Máis complexo resulta determinar a súa cronoloxía xa que, polo momento, carecemos de argumentos arqueolóxicos para supoñer a existencia destes puñais con anterioridade a mediados do século II a. C., data que os arqueólogos lle dan á empuñadura de bronce descuberta en Borneiro. Os restantes puñais achados en contexto claro van desde os anos finais do século I a. C., caso do puñal do castro de «A Cidade» de Caneiro (Fozara, Pontearreas, abandonado na primeira metade do século I a. C.), ata os primeiros séculos da nosa era. Posiblemente do século I a. C. son os do castro da Saceda e os dous de Lebosandaus, achados xunto a tres denarios de Augusto. De niveis de época romana proceden tanto a conteira de San Cibrao de Las como os puñais de Viladonga, Santa Tegra, os tres do castro de San Cibrao de Las, os da A Lanzada, e, con certeza, o que estamos a presentar.

Outros interrogantes fórmulanse á hora de explicar a súa funcionalidade. Se para aqueles que teñen a folla de ferro parece claro o seu uso como arma de defensa persoal, non parece tan claro para outros, co agravante de que algúns deles aparecen en moi bo estado de conservación, ou ocultos de maneira intencionada: é o caso do puñal achado nun recuncho dunha casa rectangular, nas escavacións de 1922 en San Cibrao de Las. Esta ocultación intencional e o feito de que, en moitos casos, estas armas presenten deficiencias técnicas e funcionais, pequeno tamaño e fragilidade, parece que as fan inútiles para a guerra, o que nos leva a pensar que o seu uso podería estar vinculado con prácticas rituais, nas que os puñais tivesen unha funcionalidade simbólica e votiva. Ou podemos preguntarnos se son pervivencias, armas que se conservaron para levar en paradas militares, obxectos que se gardan como identificadores dun grupo ou clan, ou como recordos dun pasado glorioso.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 230 430

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 22.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n, (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30 ás 14.30 h e das 16.00 ás 20.30 h

www.musarqourense.xunta.es
mapour@xunta.es

PEZA DO MES:


EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense


TEXTO: Ana María Veiga Romero

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico 





XUNTA
DE GALICIA